



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Didáctica da expresión musical		Código	652G02023
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rosa Napal, Francisco César		Correo electrónico	francisco.mnapal@udc.es
Profesorado	Chao Fernández, Aurelio		Correo electrónico	aurelio.chao@udc.es
	Rosa Napal, Francisco César			francisco.mnapal@udc.es
Web				
Descrición xeral	A materia permite adquirir o coñecemento básico dos elementos constitutivos da linguaxe musical occidental e a súa aplicación didáctica, atendendo ao currículo da educación primaria. Debido á natureza dos seus contidos, presenta unha estreita relación entre os aspectos teóricos e os prácticos, e está deseñada baixo o principio interdisciplinar.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.
A53	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes.
A54	Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical.
A55	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola.
A56	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética



B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer o currículo escolar da educación artística no seu aspecto musical, desenvolvendo e avaliando os contidos mediante recursos didácticos apropiados.	A53	B1	C5
	A54	B13	C7
	A55	B15	
	A56		
Comprender os elementos constitutivos da música occidental, a súa terminoloxía específica e as principais tendencias da educación musical.	A55	B11	C7
		B12	
		B13	
		B15	
		B21	
		B22	
Empregar as aplicacións informáticas dirixidas á educación musical, así como as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).	A55	B1	C3
	A56	B11	
		B12	
		B13	
Aplicar as técnicas básicas de investigación para a recollida de datos, a súa análise e a transmisión da información en traballos sobre educación musical.	A19	B1	C5
	A53	B4	C7
	A55	B9	C8
		B12	
		B15	
		B17	
		B22	
		B23	
		B24	
		B25	
Comprender a contribución das artes en xeral, e a música en particular, á formación cultural, persoal e social.	A53	B1	C5
	A55	B14	C7
		B16	
		B19	
		B21	

Contidos	
Temas	Subtemas



Códigos, recursos expresivos e técnicas básicas propias da linguaxe musical	Calidades do son Elementos constitutivos da música tonal occidental Signos convencionais empregados na linguaxe musical Discriminación auditiva de alturas e duracións Creación de patróns melódico-rítmicos
Técnicas para a correcta interpretación de sinxelas obras musicais con voz, frauta de pico e instrumental Orff	Interpretación de cancións Realización de ritmos con percusión corporal e instrumental Orff Interpretación de melodías na frauta doce Fundamentos do canto coral Grupo instrumental mixto Improvisación
Danzas populares e xogos infantís a través da expresión corporal	Representación espacial do son Creación e aprendizaxe de coreografías O conto musicalizado O xogo musical O teatro musical
Novas correntes pedagóxicas musicais e a visión das máis divulgadas metodoloxías musicais	Métodos activos relevantes do século XX: Emile Jaques-Dalcroze Zoltán Kodály Carl Orff Edgar Willems Novos enfoques da educación musical, entre outros: Murray Schafer John Paynter David J. Hargreaves Keith Swanwick David J. Elliot Lucy Green David K. Lines
Principios da educación musical escolar. Aplicación dos métodos e sistemas actuais de pedagogía musical	Introdución ás TIC e ás novas tecnoloxías aplicadas á educación musical: Secuenciación MIDI Edición de partituras Edición de audio Aplicacións informáticas para o adestramento auditivo Emprego das TIC para realizar e compartir exercicios.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A53 C7	1	0	1
Traballos tutelados	A54 A55 B1 B12 B13 B16 B17 B19 B22 B25 C3 C5	1	14	15
Investigación (Proxecto de investigación)	A19 B1 B4 B9 B12 B13 B14 B15 B21 B23 B24 C8	1	14	15
Obradoiro	A53 A54 A55 A56 B1 B22 C3 C5 C7	18	27	45



Proba mixta	A56 B1 B21 B22 B25	1	13	14
Prácticas a través de TIC	A53 A54 A56 B1 B4 B9 B11 B12 B19 C3	2	10	12
Sesión maxistral	A53 A54 A55 A56 B1 B11 B13 C5 C7	18	27	45
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Valoración dos coñecementos previos do alumnado.
Traballos tutelados	Realización dunha actividade didáctica que, fundamentada na revisión de documentos, bases de datos, páxinas web o medios audiovisuais, desenvolverase mediante manifestacións escénicas baseadas principalmente no movemento corporal asociado á música. Estas propostas poderán contar cos seguintes recursos: 1. Interpretación de coreografías. 2. Musicalización de textos, dramatización musical e creación de xogos musicais. 3. Interpretación de pezas vogais, instrumentais e mixtas. 4. Emprego de playback, audiovisuais, musicogramas dinámicos, etc.
Investigación (Proxecto de investigación)	Indicarase un traballo de investigación relacionado coa materia. As orientacións do profesorado servirán de guía ao alumnado no proceso de realización. Indicaranse lecturas obrigatorias e recomendadas.
Obradoiro	Actividades individuais e colectivas que abrangerán os seguintes aspectos na súa dimensión práctica e didáctica: 1. Interpretación vocal. 2. Interpretación instrumental. 3. Práctica auditiva 4. Elementos básicos de dirección vocal e instrumental. 5. Aplicación das novas tecnoloxías á práctica e ensino musical.
Proba mixta	Esta proba realízase en dúas fases: a primeira (escrita) consistirá na realización de exercicios prácticos relacionados co temario oficial. A segunda (oral) consistirá na execución dunha ou varias cancións (a elección do profesor), entre as obrigatorias do curso. As cancións leranse e mediranse (solfeo), cantaranse e interpretaranse coa frauta doce.
Prácticas a través de TIC	Transcrición dos exercicios auditivos e compositivos aos formatos dixitais adecuados segundo a súa natureza. Estes arquivos serán compartidos e entregados para a súa avaliación mediante as plataformas informáticas que se establezan.
Sesión maxistral	Presentación e desenvolvemento na aula dos conceptos fundamentais dos contidos propostos. Explicación do contido temático por parte do profesorado ou de profesionais especialistas convidados/ás. Cando o profesorado responsable da materia organice concertos, conferencias, seminarios, congresos ou charlas sobre temáticas relacionadas coa materia, serán consideradas tamén dentro deste apartado, e por tanto de obrigada asistencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación) Sesión maxistral Proba mixta	A atención personalizada está dirixida tanto ao alumnado con matrícula total como a alumnos e alumnas con matrícula parcial. O profesorado atenderá a resolución de dúbidas que xurdan na materia, así como o seguimento dos traballos indicados. Debido ao carácter teórico-práctico da materia, as orientacións do profesorado realízanse na propia clase, por medio da rede ou en horario de tutorías. A atención será tanto individual como en grupos reducidos.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A53 A54 A55 A56 B1 B22 C3 C5 C7	Ao tratarse dunha práctica en grupo, na súa avaliación terase en consideración a capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como a disposición de integrarse nun proxecto destinado á obtención de resultados É imprescindible asistir a un mínimo de 10 prácticas correctamente realizadas para obter a cualificación de aprobado (5 puntos sobre 10). A partir das 10 prácticas obrigatorias sumarase 1.25 puntos por cada asistencia, podendo chegar á máxima cualificación asistindo a 14 sesións. Nos casos de situacións excepcionais poderase recuperar algunha clase tras un previo consenso co profesorado.	10
Traballos tutelados	A54 A55 B1 B12 B13 B16 B17 B19 B22 B25 C3 C5	Realización dunha actividade didáctica que, fundamentada na revisión de documentos, bases de datos, páxinas Web ou medios audiovisuais, desenvolverase mediante manifestacións escénicas, baseadas principalmente no movemento corporal asociado á música. Cada grupo deberá entregar previamente un documento que conteña, como mínimo, os obxectivos e os contidos da actividade. As propostas axustaranse ás seguintes normas: ? As agrupacións serán as mesmas que elaborarán o Traballo de Investigación. No caso de que algunhas contén con poucos membros, poderían unirse sen exceder o número de sete integrantes. ? Cada presentación terá unha duración máxima de seis minutos. Os criterios de avaliación contemplarán os seguintes aspectos: ? Orixinalidade. ? Creatividade. ? Utilidade práctica e viabilidade. ? Adecuación ao currículo de Educación Primaria. ? Coherencia cos obxectivos e contidos expostos.	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A19 B1 B4 B9 B12 B13 B14 B15 B21 B23 B24 C8	Presentación e defensa oral dun traballo de investigación, que será elaborado por pequenos grupos, sobre un tema relacionado coa materia. Na avaliación valorarase os seguintes aspectos: 1. Profundidade dos contidos. 2. Emprego da linguaxe apropiada. 3. Uso adecuado das fontes documentais. 4. Seguridade e claridade na exposición oral.	10
Sesión maxistral	A53 A54 A55 A56 B1 B11 B13 C5 C7	Realizarase unha proba escrita que podería conter: 1. Preguntas de resposta breve. 2. Preguntas tipo test. 3. Preguntas abertas. 4. Exercicios prácticos.	30
Proba mixta	A56 B1 B21 B22 B25	Realizaranse as seguintes probas prácticas: 1. Dictado musical (30 %) 2. Expresión vocal (35 %) 3. Expresión instrumental (35 %)	30
Prácticas a través de TIC	A53 A54 A56 B1 B4 B9 B11 B12 B19 C3	Os exercicios prácticos de audición, escritura e creación musical entregaranse nos formatos dixitais correspondentes a cada caso. Valorarase o emprego correcto das ferramentas básicas de cada aplicación, o que se verificará a partir do acabado final dos traballos.	10



De acordo á participación presencial do alumnado, a avaliación presenta dúas opcións en calquera das convocatorias:

OPCIÓN A: Alumnado con asistencia igual ou superior ao 80%:

1. Para aprobar a materia cómpre superar cada un dos apartados con unha nota mínima de 5 sobre 10.

OPCIÓN B: Alumnado con matrícula en réxime de estudos a tempo parcial ou que teña menos do 80% de asistencia.

1. Para aprobar a materia cómpre superar cada un dos apartados con unha nota mínima de 5 sobre 10.

2. Debido as súas características, os traballos tutelados poderán ser substituídos por outros similares a proposta do profesorado.

3. O alumnado que non poda realizar as prácticas individuais (proba mixta), deberá realizar unha proba dos contidos traballados na aula.

4. Considerando que o Obradoiro consiste na interpretación instrumental e vocal en grupo, o alumnado que reúna os requisitos para considerarse non presencial deberá acudir á proba acompañado como mínimo de dúas persoas. No caso de no ser posible isto, presentará o acompañamento das pezas do programa en calquera formato dixital dos que se contemplan nos contidos da materia.

Os seguintes aspectos afectarán negativamente a cualificación, tanto nos exames como nos traballos:

Deficiencias ortográficas. Redacción inconexa ou

inadecuada. Presentación deficiente. Plaxio. Farase especial fincapé no coidado do medio ambiente en prol dunha educación e unha sociedade sustentable. Atendendo a isto, sempre que sexa posible, a presentación dos traballos escritos será en soporte dixital. No caso contrario evitárase o uso de produtos plásticos na entrega dos mesmos.

Para non interferir no desenvolvemento do resto das materias, evitárase tocar instrumentos musicais nos corredores e noutras áreas comúns da facultade, polo que o alumnado deberá solicitar ao profesorado resérvaa da aula de usos múltiples (cando sexa posible e estea libre), co fin de realizar os ensaios de frauta e da coreografía nese espazo.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Delalande, F. ((2013)). Las conductas musicales. Editorial de la Universidad de Cantabria.
- Referencias bibliográficas Alsina, P. (1999). El área de educación musical. Barcelona: Graó. Alsina, P., Díaz, M., Giráldez, A. e Ibarretxe, G. (2010). 10 ideas clave: El aprendizaje creativo. Barcelona: Graó. Chao, R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad. Vilalba: Conservatorio Municipal. Delalande, F. (2013). Las conductas musicales. Santander: Editorial de la Universidad de Cantabria. Díaz, M. y Giráldez, A. (Coords.) (2007). Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Una selección de autores relevantes. Barcelona: Graó. Díaz, M. (2002). La música en el currículum de primaria. Barcelona: Grao. Díaz, M. y Riaño, M. (Coords.) (2007). Creatividad en educación musical. Santander: Universidad de Cantabria. Servicio de Publicaciones. Domeque, M., Lagarriga, E. y Segalés, E. (1988). Audición musical. Barcelona: Teide. Eisner, E. (2004). El arte y la creación de la mente. Barcelona: Paidós. Elliot, D. (Ed.) (2005). Praxial Music Education: reflections and dialogues. Oxford: University Press. García, P. y Estebaranz, A. (2005). Innovación y creatividad en la enseñanza musical. Barcelona: Octaedro. Gardner, H. (2005). Inteligencias múltiples. La teoría en la práctica. Buenos Aires: Paidós. Giráldez, A. (2005). Internet y educación musical. Barcelona: Graó. Giráldez, A. (2007). La competencia cultural y artística. Madrid: Alianza. Giráldez, A. (2010). (Coord.). Música. Complementos de formación disciplinar. Vol. I. Barcelona: Graó. Giráldez, A. (2010). (Coord.). Música. Investigación, innovación y buenas prácticas. Barcelona: Graó. Giráldez, A. (Coord.) (2011). Didáctica de la música. Barcelona: Graó. Gómez, I. y Vilar, M. (2003). Diez años de formación de maestros de música. Eufonía nº 28. Barcelona: Grao. Graeme, F. (2003). Arte, educación y diversidad cultural. Barcelona: Paidós. Green, L. (2001). Música, género y educación. Madrid: Morata. Hargreaves, D. (1991). Infancia y educación artística. Madrid: Morata. Hargreaves, D. (1998). Música y desarrollo psicológico. Barcelona: Graó. Hegyi, E. (1999). Método Kodály de solfeo vol. I y II. Madrid: Pirámide. Gaínza, V. (2002). Música: amor y conflicto. Diez estudios de psicopedagogía musical. Buenos Aires: Lumen. Gaínza, V. (2002). Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa. Buenos Aires: Lumen. Hurtado, J. (2003). ¿Muchas leyes y pocas notas. Reflexiones de un maestro?. En Eufonía 28. Barcelona: Grao. Levitin, J. (2008). Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana. Barcelona: RBA. Lines, D. (comp.) (2009). La educación musical para el nuevo milenio. Madrid: Morata. Malagarriga, T. y A. VALLS (2003). La audición musical en la Educación Infantil. Barcelona: Ceac. Martenot, M. (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación. Madrid: Rialp. Martí, J. (2000). Más allá del arte: la música como generadora de realidades sociales. San Cugat del Vallés: Deriva Editorial. Pajares, R. (2010). Historia de la música en seis bloques. Madrid: Vision Libros. Pascual, P. (2006). Didáctica de la música. Madrid: Pearson Prentice Hall. Paynter, J. (1991). Oír, aquí y ahora. Buenos aires: Ricordi. Paynter, J. (1999). Sonido y estructura. Madrid: Akal. Pierrette, M. (1974). Bartók. Madrid: Espasa Calpe S.A. Sacks, O. (2009). Musicofilia. Relatos de la música y el cerebro. Barcelona: Anagrama. Sanjosé, V. (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia: Piles. Schafer, M. (1967). Limpieza de oídos. Buenos Aires: Ricordi. Schafer, M. (1975). El rinoceronte en el aula. Buenos Aires: Ricordi. Schafer, M. El nuevo paisaje sonoro. Buenos Aires: Ricordi. Sanuy, M. y González, L. (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. Introducción. Madrid: Unión Musical Española. Small, CH. (2003). Exploración, afirmación y celebración. En Eufonía nº 28. Barcelona: Grao. Swanwick, K. (1991). Música, pensamiento y educación. Madrid: Morata. M.E.C. Vílchez, L. (2009). La música y su potencial educativo. Madrid: SM. Ward, J. (1964). Método Ward. Pedagogía musical escolar. París: Desclee & C. Willems, E. (1979). Il ritmo. Brescia: La Scuola. Willems, E. (1979). Las bases psicológicas de la educación musical. Buenos Aires: Eudeba. Willems, E. (1994) El valor humano de la educación musical. Barcelona: Lábor. Willems, E. (2001). El oído musical. La preparación auditiva del niño. Barcelona: Paidós. Wuytack, J. (1988). Musicograma. Vigo: Asociación de Pedagogía Musical. Wuytack, J. (1998). Audición musical activa. Porto: Associação Wuytack de Pedagogía Musical. Wuytack, J. (2009). Audición musical activa con el musicograma. Eufonía nº 47, pp. 43-55. Revistas Didáctica de la música: Clases prácticas. Revista trimestral de Pedagogía musical. Ediciones C.I.D.M. Benavente (Zamora). Eufonía. Didáctica de la música. Editoria. GRAO. Barcelona. Isme: Revista Internacional de Educación Musical. Ediciones diversas. Keyboard: Revista de música y tecnología. Ed. Música y tecnología. Barcelona. Música y Educación: Revista trimestral de Pedagogía musical. Apdo. 46230 Madrid. Música y Tecnología: Revista bimestral de informática musical. Córcega, 89, entlo. , 08029 Barcelona. Música Terapia y Comunicación: Revista semestral de musicoterapia. MI-CI- Bilbao. Páginas WEB <http://www.aulamusical.com/pedagog.html> <http://www.hermex.es/musica/http://80.34.38.142/bivem/http://www.filo musica.com/filo86/audicion.html> <http://presencias.net/>



<http://rincones.educarex.es/musica/http://www.aprendomusica.com/#http://www.aulamusical.com/http://www.educaweb.com/http://www.hagaselamusica.com/http://www.ite.educacion.es/http://www.educateca.com/http://www.educared.net/http://www.docenotas.com/http://eufonia.grao.com/revistas/presentacion.asp?ID=7>



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para non interferir no desenvolvemento do resto das materias, evitárase tocar instrumentos musicais nos corredores e noutras áreas comúns da facultade, polo que o alumnado deberá solicitar ao profesorado resérvaa da aula de usos múltiples (cando sexa posible e estea libre), co fin de realizar os ensaios de frauta e da coreografía nese espazo.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías